ROTEIRO ANIMADO DOS NÁUFRAGOS DO AGRA

Dende o 2019, cada ano na celebración dos actos dedicados ao naufraxio do City of Agra, faise esta andaina que, na edición do 2022 contou con trece paradas, sendo 7 delas teatralizadas.

1- Luciano Lema, alcalde de Camariñas no 1897, dá a benvida e presenta o roteiro.
2- Robert Gordon e Mrs Mary Bonar, contan como sobreviviron ao naufraxio.
3- Narración de historias do Santa María e do Nil, perdidos na enseada de Xan Ferreiro.
4- Un lascar conta como se agochou nun bote e como os rescataron.
5- Actuación literaria/musical
6- Cemiterio dos náufragos do City of Agra. Fálase do sinistro do Castillo de Monteagudo e de historias do Curro.
7- Narración de historias do Saint Weller, Huelva e recital do bardo laxense Antón Zapata que nos le o seu poema O afogado.
8-Contos do Natalia, Yeoman, Boris Sheboldaev, Chamois e Nª Sª de La Concepción e Ánimas, no coído do Carbón.
9- Recreación do traballo dunha muller nunha antiga salazoneira.
10- A pantasma de Arthur Ernest Jamrach aparécese aos camiñantes.
11- Historia da antiga Estación de Salvamento de Camelle.
12- Cartaz homenaxe a José Baña Heim e á súa magna obra/monumento aos náufragos da Costa da Morte.
13- Campo do Santo. Recítase o poema A campá do City of Agra polo seu autor: Xulio Romero. Fin do roteiro.

CITY OF AGRA

Un pobo unido pola traxedia

MAPA DO NAUFRAXIO

SÉGUENOS

cityofagra.doc

cityofagradocumental

Deputación DA CORUÑA

NAUFRAXIOS GALEGOS

vizuals

UNHA VIAXE INACABADA

A RUTA DO CITY OF AGRA

DE GLASGOW A CALCUTA

O barco partira de Glasgow, facendo escala en Liverpool para completar carga e recoller aos pasaxeiros (A.M. Dunn e Mr. Arthur Ernest Jamrach).

Tras cruzar a canle da Mancha percorrería a costa galega e portuguesa até adentrarse no mar Mediterráneo a través do estreito de Xibraltar. Ao arribar ao litoral exipcio, cruzaría a canle de Suez e tras atravesar o mar Vermello e o golfo de Adén navegaría polo mar de Arabia rumbo ao seu destino final, Calcuta. Por desgraza, o vapor británico afundiríase en Arou, na Costa da Morte.